



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua galega

Materia	Lingua: Comunicación escrita e oral en lingua galega			
Código	V01G180V01102			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	1	1c
Lingua impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina			
Coordinador/a	Solla González, Amparo			
Profesorado	Solla González, Amparo			
Correo-e	asolla@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	A materia revisa en profundidade e reforza os coñecementos da lingua galega que posúe o alumnado, incidindo na aplicación práctica da norma adaptada á construción de manifestacións discursivas nos diferentes contextos comunicativos, tanto orais como escritos.			

## Competencias

Código		Tipoloxía
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.	• saber • saber facer
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.	• saber facer
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.	• saber facer • Saber estar / ser
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.	• saber facer • Saber estar / ser
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.	• saber facer • Saber estar / ser
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.	• saber • saber facer
CG4	Adquirir as ferramentas e técnicas metodolóxicas básicas para o estudo e a análise lingüística e literaria.	• saber
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.	• saber • saber facer
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.	• saber facer

CG9	Planificar, estruturar e desenvolver ensaios escritos e presentacións orais nas diversas linguas estranxeiras, formulando hipóteses, utilizando unha metodoloxía apropiada para transmitir ideas de xeito eficaz e válido, seguindo as convencións académicas e empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos.	• saber facer
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.	• Saber estar / ser
CG11	Visibilizar e valorar as contribucións feitas polas mulleres á literatura e á cultura producida no primeiro idioma estranxeiro nos seus diferentes ámbitos xeográficos e culturais. De igual modo, identificar os mecanismos de exclusión e discriminación das mulleres na linguaxe e adquirir formación no uso de linguaxe inclusiva.	
CG12	Ser competente para utilizar as novas tecnoloxías como recurso metodolóxico, de investigación, didáctico e de comunicación.	• saber facer
CE53	Fundamentar con coñecementos teóricos unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita na lingua española e galega.	• saber • saber facer
CE54	Analizar e valorar criticamente exemplos de expresión oral e escrita.	• saber • saber facer
CE55	Desenvolver autonomía para producir e corrixir diversos tipos de textos orais e escritos, utilizando adecuadamente os recursos da lingua española e galega.	• saber facer

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias
- Coñecementos teóricos que fundamentan unha adecuada, coherente e correcta expresión oral e escrita da lingua galega.	CB2 CB4 CG1 CG4 CG6 CE53 CE54 CE55
-Análise e valoración crítica de diferentes exemplos de expresión oral e escrita en lingua galega.	CB1 CB2 CB3 CB5 CG1 CG4 CG6 CG8 CG11 CE53 CE54 CE55
-Desenvolvemento autónomo na produción e corrección de diferentes tipos de textos orais e escritos utilizando axeitadamente os recursos da lingua galega.	CB2 CB3 CB5 CG1 CG4 CG9 CG10 CG11 CG12 CE54 CE55

### Contidos

Tema	
1. Lingua oral e escrita.	Características xerais da lingua nos seus usos orais e escritos. Ferramentas bibliográficas e na rede para o seu estudo.
2. Cuestións ortográficas do galego.	Usos das grafías, acentuación. Outros.
3. Cuestións xerais da gramática galega normativa.	Morfosintaxe das clases de palabras.
4. Redacción e construción de textos en galego.	Características e tipos. Puntuación, lectura, entoación etc. Revisión, presentación e exposición de textos.
5. Sintaxe, léxico, fraseoloxía.	Elaboración e corrección de textos escritos. Aplicacións prácticas do uso de recursos electrónicos. Neoloxismos e estranxeirismos.

<b>Planificación docente</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Lección maxistral	12	16	28
Presentación	6	40	46
Resolución de problemas e/ou exercicios	24	0	24
Traballo	0	26	26
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	20	24

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e a reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Lección maxistral	A profesora desenvolverá aspectos teóricos relacionados cos contidos da materia.
Presentación	O/a alumno/a exporá, perante o profesorado e o grupo, un tema sobre os contidos da materia ou os resultados dun traballo de investigación.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Presentación	A profesora sinalaralle e explicaralle a cada alumno/a as fortalezas e debilidades da exposición.
<b>Probas</b>	
	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	Os exercicios de cada alumno/a serán corrixidos e comentados na clase.
Traballo	Supervisarase o traballo durante a súa realización, tanto nas titorías presenciais como mediante correo electrónico.

<b>Avaliación</b>			
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas
Presentación	Serán determinantes na cualificación aspectos como a correcta presentación e organización do texto, o grao de competencia oral do/a discente, a súa axeitada exposición así como os diferentes procedementos didácticos utilizados.	5	CB1 CB2 CB3 CB4 CG1 CG4 CG6 CG8 CE53 CE54 CE55
Resolución de problemas e/ou exercicios	Cada alumno/a deberá resolver pola súa conta semanalmente unha serie de exercicios que despois serán revisados na clase. As profesoras especificarán no seu momento cales destas prácticas serán avaliadas.	25	CB1 CB3 CG1 CG6 CG8 CG9 CG12 CE53 CE54 CE55

Traballo	Cada discente deberá elaborar un traballo escrito sobre un tema acordado coa(s) profesora(s), que titorizará(n) a súa elaboración. Na valoración do traballo teranse en conta como aspectos fundamentais a corrección lingüística e formal, a puntuación e a adecuada organización do texto.	10	CG1 CG6 CG8 CG9 CG12 CE53 CE54 CE55
Resolución de problemas e/ou exercicios	Farase un exame de cada unha das metades da materia que abranguerá os contidos fundamentais do temario.	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5 CG4 CG6 CG9 CG10 CE53 CE54 CE55

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### PRIMEIRA EDICIÓN DE ACTAS

Modalidade de **avaliación continua**. O estudantado que asista ao curso e participe de xeito regular fará un exame de cada unha das metades da materia. O primeiro exame (30%) terá lugar na penúltima semana de outubro, ao remate da primeira metade da disciplina. O segundo exame (30%) realizarase na última semana de clase, en decembro. Será preciso obter un mínimo de 5 puntos (sobre 10) nas dúas probas escritas para aprobar a materia. O alumnado que suspenda a primeira parte terá opción de recuperala na data oficial fixada para a avaliación única pola FFT. A data de entrega dos traballos/proxectos será acordada coa(s) profesora(s) ao longo do curso.

Quen non se acolla á avaliación continua deberá xustificalo de xeito razoado ao comezo das sesións e realizar a **avaliación única** mediante un exame na data oficial aprobada pola Xunta de FFT. Para presentarse a este exame será requisito indispensable que previamente entregue á(s) profesora(s) un traballo (semellante ó incluído no apartado de "Traballo" da avaliación continua), que deberá obter como mínimo a cualificación de "apto" (aprobado) polo equipo docente. Sempre e cando obteña a consideración de apto, este traballo suporá o 10% da nota (isto é, un máximo de 1 punto sobre 10).

### SEGUNDA EDICIÓN DE ACTAS (xullo)

O estudantado, tanto de avaliación continua como de avaliación única, que non supere a materia na primeira edición de actas será avaliado na segunda edición de actas (xullo) por medio dun exame na data oficial aprobada pola Xunta de FFT. Para presentarse a este exame será requisito indispensable que previamente se entregue á profesora un traballo (cos mesmos requisitos que o descrito no apartado de "Traballo" da avaliación continua) que sexa considerado apto pola(s) profesora(s); neste suposto, o antedito traballo suporá o 10% da nota (máximo de 1/10).

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

ÁLVAREZ, R. / MONTEAGUDO, H. / REGUEIRA, X.L., Gramática galega, Galaxia, 1986, Vigo

ÁLVAREZ, R. e XOVE, X., Gramática galega, Galaxia, 2002, Vigo

FERNÁNDEZ SALGADO, B., Dicionario Galaxia de usos e dificultades da lingua galega, Galaxia, 2004, Vigo

FREIXEIRO MATO, X.R., Gramática da lingua galega II Morfosintaxe, A Nosa Terra, 2000, Vigo

GONZÁLEZ REI, B., Ortografía da lingua galega, Galinova, 2004, A Coruña

HERMIDA, Carme, Gramática Práctica (Morfosintaxe), Sotelo Blanco, 2004, Santiago de Compostela

ILG / RAG, Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego, ILG/RAG, 1995, Santiago de Compostela

### Bibliografía Complementaria

## Recomendacións

## **Outros comentarios**

---

Para poder seguir a materia cómpre ter un nivel de lingua galega equivalente ao bacharelato.

É aconsellable a asistencia ás clases e ás titorías sempre que sexa posible, mesmo no caso de non se acoller á modalidade de avaliación continua.

Na avaliación hase ter en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do alumnado consultar de cando en cando a información colgada na plataforma FAITIC (novidades, documentos, cualificacións, avisos, as datas de realización das diferentes probas etc.) e acudir regularmente á biblioteca.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un 0 nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá o alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

---